

# **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA O PROGRAMA DO INCREMENTO DOS SERVIZOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN SOCIAL E Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025**

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de maio de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia do programa singular e específico que a Corporación RTVG ten previsto desenvolver durante o ano 2025 para incrementar os servizos de accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade da información.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio ós colectivos implicados para acadar as porcentaxes e valores mínimos de emisión en lingua de signos esixidos pola Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeneral de Comunicación Audiovisual.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) é a entidade a que corresponde desenvolver, xestionar e explotar os medios de comunicación de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo co disposto na Lei 13/2022, do 7 de xullo, debe acadar as porcentaxes e valores mínimos de emisión en lingua de signos esixidos nesta norma. Con este convenio prodúcese un incremento neses valores mínimos esixidos.

As actuacións a subvencionar a través deste convenio (incremento dos servizos de accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade da información), recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o previsto no



Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

